

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 03/11/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 03/11/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27 de outubro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/4184

Dáse conta do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a S.M. E Instituto Nacional de Ciberseguridad de España M.P. SA para organización de evento en capacitación en ciberseguridade e uso seguro e responsable de internet (ROADSHOW), a realizar na Praza da II República, do 17 ao 23 de novembro de 2025.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio de colaboración.

PRP2025/4188

Dáse conta dos escritos presentados por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de Alcoholicos Rehabilitados Arousa -AREVA, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa, unha mesa e 4 cadeiras, no cruce da Rúa Xeneral Pardiñas con Castelao, os días 25 de outubro e 15 de novembro de 2025, en horario de 10:00 a 13:00 horas, así como acceder con un vehículo para carga e descarga do material, co motivo de informar á sociedade en xeral dos efectos nocivos do consumo abusivo de alcohol.

Vistos os informes favorables da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/4224

Polo Departamento de Informática indicase que o actual ordenador do sistema de gravación de

plenos (Apple) está obsoleto e presenta problemas de funcionamento, sendo necesaria a súa substitución.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o subministro dunha mini CPU Mac para o sistema de gravacións de plenos municipais (VideoActa) á empresa AMBISER INNOVACIONES S.L., por ser a empresa que desenvolveu e da soporte ao sistema integral de gravacións de plenos (VideoActa) tanto software como hardware, por un prezo de 1.097,97 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600, de conformidade co orzamento presentado, coas seguintes características técnicas:

- Mac mini CPU de 10 núcleos
- Memoria RAM de 16 GB
- Disco Duro SSD 256 GB.
- Instalación e configuración da aplicación VideoActa.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4227

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro de dúas cadeiras modelo SIA 5, respaldo con malla cor negro, axustable en altura, para dous postos de auxiliar administrativo/a, para substitución das actuais, por un importe total de 510,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4243

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Obras, na que se indica que a Casa da Cultura de Galáns, de titularidade municipal, dispón de diversos mobles de madeira moi antigos que presentan un avanzado estado de deterioro. Algunhas das súas partes atópanse en condicións deficientes, polo que resulta necesaria a súa reparación e renovación parcial co fin de garantir a súa conservación e uso adecuado.

Vista a citada proposta, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa MADERAS J. REDONDO S.L. con CIF: B36158897, o subministro dos materiais necesarios para levar a cabo as reparacións precisas nos mobles da Casa da Cultura de Galáns, co obxecto de asegurar o seu correcto estado e prolongar a súa vida útil, por un importe total de 1.076,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 334-63200, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4259

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación de Asociación Comisión de Festas San Pedro de Cornazo, solicitando autorización para celebración da 7ª Festa dos Callos de San Pedro de Cornazo, o día 13 de decembro de 2025, así como a colaboración municipal coa cesión de mesas e cadeiras, limpeza do Campo dos Borrizos, reforzar colectores de lixo, valos para delimitar o campo, palco, carpas, cadro eléctrico, etc.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/4262

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para instalación dunha carpa na esquina da Rúa do Río e Baldosa, para captación de socios, o día 8 de novembro de 2025, en horario de 9:00 a 15:00 horas, así como a cesión dunha carpa, catro mesas e catro cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/4263

Dáse conta de Proposta da Área de Comunicación Social, en relación co acordo do pleno da Corporación Municipal de data 26 de xuño, de cambio de denominación de diversas rúas en aplicación da Lei de Memoria Histórica. Tamén se aproveitou para resolver vellos problemas como os da travesía Feal -agora dividida en Camiño das Canedas e Camiño da Pedra da Vela) ou o erro na sinalización da rúa Ramiro del Río “Cañotas”, en Vilaxoán. Á súa vez, o desdoblamento da travesía Feal implicou a reenumeración das vivendas afectadas, de xeito que o concello acordou subministrar aos veciños, sen custe, as placas con eses novos números. A máis, cando os traballos de deseño e preparación dos arquivos gráficos das placas xa estaba moi avanzado, detectouse un novo problema coa ata hai pouco denominada Praza do Xeneral Yagüe I e II que, como a rúa e a travesía do mesmo nome, pasou a chamarse de Luís Pando.

O acordo plenario desenvolveuse, a niveles prácticos, en tres fases: 1, os cambios aprobados polo pleno (BOPP do 2 de xullo); 2, os da rúa Ramiro del Río “Cañotas” e Xeneral Yagüe; e 3, a nova numeración de vivendas.

A solución técnica adoptada tratou de unificar criterios na sinalética de rúas, prazas, camiños, lugares e parroquias, outra das vellas reivindicacións de asociacións veciñais, cidadáns a nivel particular e ata diversos servizos municipais, coa vista posta nunha renovación integral das placas do termo municipal.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados pola Empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad SL, con CIF B36892016, por un importe total de 2.479,11 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22613.

Fase	Número placas	Orzamento s/I VE	Orzamento c/ I VE
1. Placas acordo plenario 26 06 2025, Grupo Luis Pando I e II e Travesía Rafael Pazos.	34	1.932,90 €	2.338,81 €
2. Numeración de vivendas en Camiño das Canedas e Camiño da Pedra da Vela (antes, travesía de Feal).	8	115,95 €	140,30 €
		TOTAL 2.048,85 €	2.479,11 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4264

Na X.G.L. do día 06/10/2025 adoptouse o seguinte acordo, adxudicar á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., o subministro de dezaseis CPU's (INTEL CORE i5-13400) e 15 monitores (ACER VERO B27) para o centro de formación de Matosinhos, por un prezo de 14.362,47 € IVE incluído e dous anos de garantía, con cargo á partida 9201.22706.

Debido ao tempo transcorrido dende a presentación das ofertas e á situación internacional encanto á falla de compoñentes informáticos motivada pola política internacional actual de aranceis aduaneiros, todo o anterior tradúcese nunha suba de prezos dos compoñentes informáticos, polo tanto a empresa adxudicataria presenta unha modificación da oferta que se incrementa en 1.336,77 € IVE incluído respecto da anterior.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de data 06/10/2025 incrementando o importe de adxudicación en 1.336,77 € IVE incluído, dando un importe total de adxudicación de 15.699,24 €, con cargo á partida 9201.22706, e mantendo as características técnicas do subministro, que son as seguintes:

CPU (16 Unidades):

Procesador: INTEL CORE i5

Memoria principal: DDR5 16 GB.

Memoria secundaria : SSD 500 GB

Sistema operativo: Windows 11 Professional (Pro 64 bits.)

Teclado + Rato

Garantía: 2 anos de garantía.

MONITOR (15 Unidades):

Monitor de 27"

Garantía: 2 anos de garantía

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4270

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con queixas recibidas polos estacionamento indebidos na Rúa García Hermo, no tramo comprendido entre a confluencia coa Rúa Carballal e Rúa Xiabre, no que se indica que sería conveniente que se prolongue a sinalización horizontal de marcas viais existentes en Rúa das Pías, delimitando os carrís de circulación, evitando así os estacionamento indebidos. Así mesmo indican que se debería completar esta sinalización neste tramo xa que en Rúa Xiabre tamén existen estas marcas viarias.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a prolongar a sinalización de marcas viais existentes en Rúa das Pías indicada no informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/4271

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con intervención policial na Rúa Avelina Nogueira - Vilaxoán, no que se fai constar que o pasado día 04/02/25, emítiuse informe por requirimento, para levar a cabo a creación dun paso para peóns na rúa Avelina Nogueira, levando a cabo con posterioridade a sinalización do mesmo no punto requirido. Neste informe faise constar que é preciso a sinalización da Travesía como peonil para dar seguridade aos usuarios e peóns que por ela transiten. Aínda que ante a demanda dos placeiros que requiren que neste tramo de vía permítase labores de carga e descarga para a praza de abastos. Suxírese complementar a sinalización existente coa lenda de "AGÁS CARGA E DESCARGA DE 07:00H A 11:00h E DE 15:00H A 18H." tal e como o resto de "Illas de Peons" existentes na localidade, co que se atendería o requirimento dos placeiros.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a complementar a sinalización existente coa lenda "AGÁS CARGA E DESCARGA DE 07:00H A 11:00h E DE 15:00H

A 18H.”, de conformidade co indicado pola Policía Local.
Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4276

Dáse conta do escrito presentado por Dona Susana Fernandes Jamardo, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros o día 1 de novembro de 2025, nas inmediacións do Cemiterio Municipal de Carril.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acordase conceder autorización con carácter de precario, debendo manter limpo o entorno do espazo que ocupe, estar en posesión da documentación para o exercicio da venda ambulante, sí como seguro de responsabilidade civil e pago das taxas correspondentes.

PRP2025/4278

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música e un altavoz, poñer unha pulpeira ou asar churrasco na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en Arzobispo Gelmirez nº36, o día 22 de novembro de 2025, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:00 a 00:30 horas, con motivo do aniversario do local.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a seguinte autorización:

- Pulpeira ou asar churrasco, en horario de 13:00 a 17:00 e de 20:00 a 23:30.
- Musica e altavoz, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00 horas.

De conformidade co informe da Policía Local deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/4284

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Jurjo Costa, en nome do Centro de Saúde San Roque, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia para colocación dunha mesa de información sanitario sobre a diabeite mellitus tipo 2, o día 14 de novembro de 2025.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/4289

Vista a solicitude de D. Carlos Álvarez Puga, en representación de Asociación Micolóxica de Vilagarcía de Arousa, e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o uso da Praza da Peixería os días 12 a 17 de novembro de 2025, para a celebración do Outono Micolóxico 2025 (Festa dos Cogomelos), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do solicitante o control de aforo.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2025/4293

No servizo de Informática é necesario a reposición de dúas cadeiras e a substitución dun pistón nunha terceira cadeira, debido a avarías que non teñen arranxo.

O modelo de cadeira proposto polo provedor habitual do Concello é o TRIM TEX, tratase dun modelo que se está a instalar noutros departamentos.

Vista a proposta do Departamento de Informática e unha vez aprobada a transferencia de crédito necesario cara á aplicación orzamentaria 9201-62500, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina S.L., o subministro de dúas cadeiras TRIM TEX e dun pistón de gas para una cadeira Idonia en uso, por un prezo de 836,11 € IVE incluído, con cargo á partida indicada, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4295

Dáse conta de publicación no DOG 208, de 28 de outubro de 2025, de anuncio de 17 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, polo que se acorda someter a información pública o proxecto de decreto polo que se aproba o Catálogo de bens de valor cultural no litoral de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/4292

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, en relación coa necesidade de reposición de electrodomésticos (lavadora e secadora) para a hixiene da rupa propia da escola infantil, de acordo co lei 2/2017,8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia, Anexo I, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CAYRO ELECTRODOMÉSTICOS SL, para o subministro dunha lavadora e unha secadora para Escola Infantil A Galiña Azul de Carril, por un importe total de 1.158,00 €, con cargo á partida orzamentaria 323.633, coa seguinte desagregación:

- Unha lavadora Bosch 8K 1400 R, por importe de 528,00 €.

- Unha secadora 8K, por importe de 629,00 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2025/4168

En sesión de data 8 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno Local, acordou conceder subvención á empresa MARIO REY DE SANTIAGO CARPINTARÍA NIF 53117356Y, dentro do programa de referencia, para a contratación de UN ALUMNO participante no Obradoiro de Emprego dual FORME 2024, por contía total de 1.500 €. O devandito acordo foi comunicado á solicitante o 17 de setembro de 2025.

A data de emisión do informe da Área de Promoción Económica, a empresa presentou a documentación xustificativa de ter formalizada a contratación.

Tendo en conta o exposto e examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto para o que se concede a subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda:

a) RECOÑECER A OBRIGA E ABOAR A AXUDA SOLICITADA POR MARIO REY DE SANTIAGO NIF 53117356Y, POR CONTÍA DE MIL CINCOCEUTOS EUROS (1.500€) CON CARGO Á PARTIDA 2412-470

b) Dar conta ao Departamento de Promoción do Emprego aos efectos da xestión e xustificación da mesma fronte á Consellería de Economía Emprego e Industria.

c) Informar á empresa beneficiara de que estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE15.12.2023, Serie L)

PRP2025/4173

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por INFORMACION DIRECTA SL NIF. B36397578 con domicilio en Avenida DOUTOR MOREIRA CASAL Nº: 18 BX - 36600 VILAGARCIA DE AROUSA, pola contratación da traballadora ANDREA SOLEDAD MUÑOZ, infórmase pola Área de Promoción Económica o seguinte:

Segundo a BASE PRIMEIRA da convocatoria Poderán ser obxecto de subvención un máximo de dúas contratacións por empresa.

A limitación no número de contratacións a subvencionar non se aplicará no caso de que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes quedara remanente na aplicación orzamentaria. Neste caso, as empresas terán dereito á percibir subvención polos contratos que excedan o devandito límite, na contía que resulte da aplicación do baremo de puntuación, sempre que formalizaran a solicitude no prazo xeral establecido nestas bases. A distribución do citado remanente levarase a cabo por rigoroso rexistro de entrada da solicitude de axuda.

A Empresa INFORMACIÓN DIRECTA S.L., xa é beneficiaria de dúas axudas a contratación por conta allea con cargo a convocatoria de AXUDAS MUNICIPAIS A CONTRATACIÓN POR CONTA

ALLEA 2025.

Porén, tendo en conta que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, revisadas e resoltas todas as presentadas, resta remanente na partida orzamentaria, en aplicación do segundo parágrafo da Base I da convocatoria

Infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Sexta) :

CONTRATACIÓN DE ANDREA SOLEDAD MUÑOZ

CRITERIO	PUNTOS
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
TOTAL PUNTOS	1
SUBVENCIÓN ACADADA	1.500,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención solicitada por INFORMACION DIRECTA SL NIF. B36397578, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de MIL CINCOCENTOS EUROS (1.500,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (suministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2025/4290

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por FUENSANTA PORTAS VAZQUEZ NIF: 35454423S con domicilio Rúa SAN ANDRES 23, 36610 Vilagarcía, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Contrato traballador maior de 45 anos	2
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa menos de 3 anos de antigüidade	2
T O T A L PUNTOS	5
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención solicitada por FUENSANTA PORTAS VAZQUEZ NIF: 35454423S, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2025/4312

Dase conta da Resolución dictada polo Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración ó abeiro da Orde de 13 de agosto de 2025 , pola que se acorda conceder ó Concello de Vilagarcía unha subvención polo importe global de 30.009,12€ para os custos da contratación por 9 meses a tempo completo de dous persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.(nº expediente: TR350E-2025-00000042-00).

O Concello de Vilagarcía solicitou á Consellería de Emprego a subvención para a contratación de dous persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, demandantes de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, cun contrato a tempo completo de nove meses de duración, un deles co CNO 3613 Técnicos Administrativos en xeral (Grupo de

cotización C1) e outro co CNO 3715 Animadores Comunitarios(Grupo de cotización C1).
Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a aceptación da axuda da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de 30.009,12€ para os custos da contratación por 9 meses a tempo completo de dous persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, coa aportación municipal total de 19.362,24€, coa seguinte desagregación:

- Aportación municipal anualidade 2025: 3.227,04 €
- Aportación municipal anualidade 2026: 16.135,20 €

Segundo: Solicitar a creación do proxecto de gasto e xeración do crédito orzamentario suficiente para cumprir coa achega municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/4299

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2025, de aprobación da conta xustificativa da subvención ao abeiro da Orde de 26 de maio de 2025, pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro, ao figurar no mesmo:
...)

- Que se recibiu unha subvención da Deputación Provincial de Pontevedra “Plan Concellos 2024”: Gasto corrente novo. Limpeza Escola Municipal de Música por importe de 9.500 €

Esa subvención non fora solicitada, polo que non procede ese parágrafo no acordo.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda corrixir o citado acordo, quedando redactado do seguinte xeito:

"Vista a conta xustificativa da subvención a tramitar ao abeiro da ORDE do 26 de maio de 2025 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada conta xustificativa, facendo constar:

- Que e cumpriu a finalidade da subvención
- Que os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados imputables á actividade subvencionada, referentes ao período entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2025, son os seguintes:

Pro.	Eco.	Descrición	Obrigas recoñecidas
3262	1200000	ESCOLA DE MÚSICA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	65.409,34
3262	1200001	ESCOLA DE MÚSICA-RETRIBUCIÓN BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS	3.851,06
3262	1210000	ESCOLA DE MÚSICA-COMPLEMENTO DE DESTINO	27.930,57
3262	1210001	ESCOLA MUSICA-COMPLE DE DESTINO FUNCIONARIOS INTERINOS	1.858,44
3262	1210100	ESCOLA DE MÚSICA-COMPLEMENTO ESPECÍFICO	47.227,56
3262	1210101	ESCOLA MUSICA-COMPLE ESPECÍFICO FUNCIONARIOS INTERINOS	2.963,77
3262	1210303	ESCOLA MÚSICA-OUTROS COMPLEMENTOS GRAT.PAGA EXTRA	2.455,78
3262	16000	ESCOLA MÚSICA-SEGURIDADE SOCIAL	41.076,32
3262	213	ESCOLA MUSICA-MAQUI, INSTALA. TÉCNICAS E UTILLAXE	448,79
3262	22000	ESCOLA MÚSICA-ORDINARIO NON INVENTARIABLE	110,57
3262	22100	ESCOLA MÚSICA-ENERXÍA ELÉCTRICA	1.532,46
3262	22103	ESCOLA MÚSICA-COMBUSTIBLES E CARBURANTES	1.245,82
3262	22199	ESCOLA MUSICA-OUTROS SUBMINISTROS	32,60
3262	22200	ESCOLA MÚSICA-SERV. TELECOMUNICACIONES	420,23
3262	224	ESCOLA DE MÚSICA-PRIMAS DE SEGUROS	1.152,33
3262	22700	ESCOLA MÚSICA-LIMPEZA E ASEO	8.710,03
3262	22799	ESCOLA DE MUSICA-OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E PROFESIONAIS	863,00
3262	62900	ESCOLA MÚSICA-OUTRAS INVER. N. ASOC. O FUNCIONAL OPERAT. S.	1.356,18

		208.644,85
--	--	------------

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/4269

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude, quere poñer en valor esta recuperación de realización de postres tradicionais, tanto propios como doutras culturas que nos rodean, para fomentar nos/as pequenos/as, a práctica e coñecemento das receitas típicas da tradición do Nadal acompañados/as principalmente dos seus (avós/avoas).

Por tanto, trátase de organizar tres obradoiros interxeneracionais de cociña de postres de Nadal que nesta terceira edición está adicada a cociña de postres de Nadal típicos do Nadal británico. O obxectivo principal é o de desenvolver estas actividades nas vacacións de Nadal para facilitar espazos de encontro e intercambio de experiencias entre os/as nenos/as participantes xunto cos seus familiares máis maiores (preferentemente avós, avoas).

Esta actividade de cociña de postres de Nadal “Nadalchef” pretende mellorar a interacción e cooperación entre nenos/as e maiores a través do intercambio de experiencias e coñecemento mutuo favorecendo a interrelación e solidariedade entre diferentes grupos de idade.

A actividade está dirixida a 35 nenos/as, por xornada, de entre 6 a 11 anos que veñan acompañados preferentemente polo seu avó/ avoa, ou pai/nai ou familiar, maior de idade, autorizado por estes.

Lugar de realización de “NadalChef” 2025-26: Praza da Peixería

Datas: Sábado 20 e sábado 27 de decembro de 2025 e 3 de xaneiro de 2026

Horario: de 11.30h a 12.30 h

Prazas: 35 rapaces/as por Obradoiro (acompañados preferentemente por un/unha avó /avoa ou familiar maior de idade).

A inscrición realizarase o propio día, no obradoiro, e por orde de chegada.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da citada actividade e a adxudicación da mesma á Empresa Eirado da Leña SL con CIF.: B94024817 e enderezo en Pza. da Leña nº 3 CP.: 36002 Pontevedra, por un importe total de 1.996,50 € (ive 21% engadido) a cargo da partida orzamentaria 2314.226210 do orzamento de 2026.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CULTURA

PRP2025/4274

Con data de 6 de agosto de 2025 a Asociación Patronato da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa presenta unha solicitude do segundo pago do 25% do convenio asinado entre esta Asociación e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización de actividades no ano 2025.

Na cláusula sexta recóllese a forma dos pagos da subvención do seguinte xeito:

- 1º PAGO: Logo da aprobación da sinatura do convenio pola Xunta de Goberno Local (XGL), procederase á transferencia do 50% da cantidade total correspondente.
- 2ª PAGO: previa solicitude e xustificando os motivos para un novo adianto, poderase solicitar un 2º pago do 25% do total do convenio
- 3º PAGO: O pago do 25% restante da subvención realizarase despois da xustificación definitiva pola Banda da realización do obxecto e actividades previstas nos termos establecidos no convenio.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa do 2º pago de 25% do total do convenio asinado para o presente ano, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 334.48205: 9.692,25 €
- Con cargo á partida 334.78000: 1.875,00 €

PRP2025/4285

Vista a solicitude de Dona Maria Belén García Pichel, en representación de CONTRAPRODUCCIÓN SL (B70217336), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 15 de novembro de 2025, durante todo o día, para a celebración do espectáculo /YO SOLO QUIERO IRME A FRANCIA", en horario de 21:00 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 23,00 €; Zona B: 21,00 €; Zona C: 20,00 €, máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 114,75 €
- Operarios (2): 229,50 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL: 690,55 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2025/4114

Con rexistro de entrada número WEB22025008745, do 14 de outubro de 2025, D. Jose Carlos González López, presenta solicitude de prórroga do referido contrato para as 3 temporadas de verano 2026, 2027 e 2028.

